

Influencia da literatura na música Romántica

Lucía Alcalde Lorenzo

Entre a música e a literatura hai moitas similitudes, diverxencias e paralelismos ao longo da historia, así como influencias mutuas.

No século XIX, o Romanticismo literario inflúe en gran maneira nas composicións musicais.

Na música sinfónica vemos a influencia na:

- Música pura (referencias constantes a libros e escritores de referencia, en especial Shakespeare).
- Música programática (maior influencia). Aquí, a composición musical non se entende sen a parte literaria, o programa, e acaba construíndose un xénero híbrido: os poemas sinfónicos.

A música Teatral partirá dunha base literaria para comezar. Os libretistas utilizan obras históricas, pretendendo afastarse do seu propio tempo ou achegarse a obras contemporáneas.

Un exemplo do último é o que fai Verdi con A dama das camelias (de Alexandre Dumas), que compón **A Traviata** ou con O rei divírtese, de Víctor Hugo, que compón **Rigoletto**.

Obras de Giuseppe Verdi:

<https://www.youtube.com/watch?v=dhKpgVv9kX4> **A Traviatta**



<https://www.youtube.com/watch?v=m8FoeABrM9Q> **Rigoletto**



WILLIAM SHAKESPEARE

Foi moi influínte, incluso el mesmo chega a incluír indicacións escénicas con música nas súas obras. Tamén chega a compoñer a letra dalgunhas cancións. Era un grande amante da música. A súa obra foi explorada por moitos músicos e compositores, tanto de maneira directa como con pequenas referencias.

Existen unha gran cantidade de pezas baseadas nas súas obras, feitas por grandes compositores como Prokofiev, Rossini, Mendelssohn, Tchaikovsky, etc.



A maioría dos compositores de música teatral traballan con reputados libretistas pero algúns como Wagner realizan eles toda a parte creativa.

Wagner inspírase nun pasado mítico para construír un novo xénero no que todas as artes se relacionaran por igual. En España, influídos por estas ideas e faltos de libretistas, algúns compositores tamén se lanzarán a compoñer os seus propios libretos.

Wagner caracterízase pola súa labor no campo literario, especialmente nos poemas.



Richard Wagner




Hai unha máxima interrelación entre a música e a literatura do século XIX no Lied e outras formas de canción. Nestes, o poema e a música convértense nunha soa expresión artística e a música dótalle aos poemas: ritmo e melodía, precisano e dota as palabras doutro significado.

Nas cancións para voz e un só instrumento (normalmente o piano) atópanse algúns dos mellores poetas do século XVIII e XIX.

Destacan: os autores alemáns como Goethe (teoría da cor) ou Schiller.




Goethe



Schiller

Os franceses Victor Hugo ou Lamartine (gran pensador)




En Galicia sobresaen os compositores Juan Montes (que compuxo Música sacra, Música escénica, Orquesta, Banda, Cuarteto, Coro e Voz e piano) ou Marcial del Adalid (reputado compositor e escritor, que compuxo cancións, Obra Escénica, para orquestra e piano), que compuxeron pezas de música utilizando aos máis reputados poetas galegos co fin de darlles outro significado creando así un xénero diferenciado.

<https://www.youtube.com/watch?v=2TzYNM8laCE> Baladas Galegas de Juan Montes

<http://youtu.be/VIX4ySxj3Kg>

“Os Miserables”



Víctor Hugo